



Reunido o claustro do IES de O Carril, decidiuse emitir este comunicado:

Á comunidade educativa galega

O persoal docente do IES Miguel Ángel González Estévez quere manifestar que a pandemia da Covid-19 que levou á suspensión das aulas desde o pasado 13 de marzo, puxo sobre a mesa a importancia crucial do ensino presencial, fronte de calquera outra consideración, como a única forma de exercer realmente o dereito fundamental do noso alumnado á educación. Só cun ensino directo e cara a cara se pode lograr que todo o noso alumnado avance, medre e se eduque para conformar unha sociedade democrática e xusta.

A actual crise puxo negro sobre branco todas as eivas ás que nos viñemos enfrontando nos últimos anos.

Non podemos aceptar que o curso 2020-2021 se continúe a planificar cos mesmos parámetros que os anteriores, coa mesma cota de profesorado e aceptando ratios de 30 alumnas por grupo na ESO e de 33 no Bacharelato. Aliás, tendo que agruparnos en aulas onde non se pode garantir nin o metro e medio de separación interpersoal proposto polo Ministerio de Sanidade e o de Educación, nin o metro de separación entre mesas do alumnado segundo a proposta da OMS.

Para as /os profesionais do ensino é inadmisíbel aceptar un inicio de curso sen ter en conta a nefasta situación na que se deixa a centos de alumnos e alumnas que viron interrompidos os seus estudos presenciais durante 6 meses como se non pasase nada. A transición online que fixemos a marchas forzadas, baixo enormes condicións de presión social, psicolóxica e mesmo de dificultades técnicas non substitúe baixo ningún concepto o ensino presencial. É inaceptábel que se pretenda iniciar un curso no que deberemos reintegrar o alumnado á nova vida escolar nos aspectos cognitivos, emocionais e sociais, ademais dos propios curriculares, simplemente facendo adaptacións dunhas programacións didácticas xa de por si con excesiva carga de contidos. **decidiu**

Para o alumnado esta pandemia supuxo un golpe emocional e psicolóxico en todos os eidos. O afastamento físico e social entre compañeiras e profesorado deixou un baleiro imposíbel de encher, pasando moitas horas de peche na casa e, nos máis dos casos, sen as ferramentas acaídas que permitisen un bo desenvolvemento das tarefas escolares. E lembremos que a literatura científica confirma que o ensino online é óptimo para o mellor alumnado e nefasto para o que máis axuda precisa e nunca poderá substituír totalmente a atención individualizada e personalizada do ensino presencial para aquel alumnado con maiores necesidades educativas.



Para as familias, outro dos sectores que sufriu enormemente, esta situación provocou unha implicación de maneira directa e constante na aprendizaxe dos seus fillos e fillas, nun contexto no que houbo que se adaptar a unha nova situación laboral, persoal e social. Unha etapa nunca vivida con anterioridade e que supuxo modificar a súa perspectiva vital e de traballo, e que as colocou nun papel totalmente alleo e estraño. Non se lles pode exixir novamente ás familias que asuman como se non pasase nada esta grande responsabilidade e que deban continuar no futuro abordando esta dura situación sen ningún tipo de medida extraordinaria.

Non adoptar medidas que permitan adaptar o sistema público de ensino á nova situación significa recortar e limitar as posibilidades de educación do alumnado. Non podemos aceptar que a Administración poña un veo sobre todos nós e nos obrigue a organizar un curso 2020-2021 como se nada acontecese nestes tres últimos meses e como se non estiveramos en risco dun novo agravamento da pandemia. Non podemos seguir mirando para outro lado e sen dicir nada ante o total abandono de cada centro, como se isto for unha cuestión de xestión organizativa dunha escola e non dunha aposta decidida, clara e con planificación de quen ten a responsabilidade de levar adiante a política educativa no noso país: a Consellería de Educación.

Por todo o anterior, DEMANDAMOS:

1. A redución do número de alumnado por grupo e curso de forma que se poida garantir en todo momento a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre persoas (proposta do Ministerio de Educación e de Sanidade) e de 1 m. entre mesas do alumnado (proposta da OMS).
2. A dotación do persoal e infraestruturas necesarias para garantir o obxectivo anterior.
3. A dotación de material suficiente para a realización das clases con total seguridade, proporcionando máis fondos ao centro para a adquisición de máscaras hixiénicas, equipos de protección individual, xeles hidroalcolicos, así como dotación de equipos informáticos e outros recursos tanto para o persoal como para o alumnado e familias que o precisen.
4. A mellora da conexión no centro e o remate da instalación dos puntos de acceso á rede corporativa que demandamos desde hai máis de 3 anos. A renovación dos equipos informáticos do centro que na actualidade están obsoletos.
5. O establecemento de medidas pedagóxicas e organizativas para unha óptima planificación do curso 2020/2021 deberán ser acordadas e negociadas coa comunidade educativa.
6. A posta en marcha inmediata das reformas tecnolóxicas necesarias para dar resposta correcta a unha nova situación de confinamento parcial ou total en casos de rebrotes da covid-19.

Aprobado en claustro extraordinario
e apoiado pola ANPA

en O Carril, 7 de xullo de 2020